

NON NO NOSO NOME. COMUNICADO DE PERSOAL DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA DA USC SOBRE O PECHE POR PALESTINA

O acontecido no territorio palestino de Gaza dende outubro de 2023 está a provocar unha gran conmoción por todo o mundo. Estas atrocidades provocaron a resposta da comunidade universitaria a nivel internacional. Neste contexto, un colectivo de persoas vencelladas á Universidade de Santiago de Compostela está a ocupar dende hai máis de dúas semanas boa parte dos espazos da Facultade de Xeografía e Historia.

Dito movemento contou, nun principio, co respaldo público do Decanato, e o persoal da Facultade non viu interrompido o acceso aos seus postos de traballo en ningún momento. Porén, o alongamento da protesta ata chegar ao período de exames e a súa extensión a novas aulas deron lugar a un cambio de postura na dirección do centro, que procedeu a condenar as accións apoiadas unha semana antes. Así se reflectiu nun comunicado asinado polo decano no que se fixo evidente a vontade de que a acampada se disolvese.

Recentemente, este último valorou o posíbel peche da Facultade apelando a deficiencias estruturais na Biblioteca que son coñecidas e desatendidas dende hai décadas. A súbita preocupación decanal pola seguridade do persoal e do patrimonio do centro non pode deixar de sorprendernos, á vista de que nada se fixo tampouco por paliar os desproporcionados niveis de radon tamén presentes nel.

As persoas asinantes deste comunicado consideramos que as vicisitudes derivadas da situación débense resolver sen recorrer a manipulacións mediáticas, ameazas ou medidas autoritarias, e que non xustifican negar o dereito das acampadas a protestar. A proposta dun “contrapeche decanal” e sumarísimo da Facultade, empregando argumentos de carácter técnico, orzamentario e de seguridade, instrumentaliza un problema preexistente coa finalidade de acabar coa protesta.

Así, manifestamos que:

1. Compartimos os principios da mobilización en solidariedade co pobo palestino.
2. Reclamamos o cesamento da hostilidade contra a acampada e o respecto do dereito á protesta.
3. Esiximos a fin da difamación contra o colectivo mobilizado a través dos medios de comunicación.
4. Rexeitamos a instrumentalización das condicións estruturais de sobra coñecidas do edificio como medida de presión contra a acampada.

As abaixo asinantes non damos as costas ás compañeiras involucradas na protesta. O cal ratificamos en Santiago de Compostela a día 31 de maio de 2024.¹

¹ Convidamos ás nosas compañeiras e compañeiros a que se sumen ao comunicado enviando un mail a sinaturasxeoartehistoria@gmail.com co seu nome, apelidos e posición na Facultade dende o seu enderezo de correo institucional.